



APA << CASTRILLÓN >>
C/ Casanova de Eirís, nº 26
15009 A CORUÑA
Tif: **981 - 13 99 80**
Móvil: **698 129 743**
Correo e: apacastrillon@hotmail.com

Búscanos en **FACEBOOK**

Estimados país e nais:

Como tódolos anos saudámosvos ao comezo dun novo curso e dámos a benvinda a todos os que vos incorporades ao colexio por primeira vez.

Animámosvos a facervos socios, (os novos), e a renovar a inscrición, (aos veteranos). A cuantía anual será de 20 euros, e recordámosvos que ser socio, supón interesantes vantaxes no prezo das actividades e excursións que organicemos ao longo do curso e outras que iredes vendo. Todo o que facemos é posible porque un grupo de persoas adicamos gran parte do noso tempo para que todos os nenos poidan disfrutar do comedor, actividades, etc., por iso, pedímosvos que vos incorporedes para achegar o voso graíño de area.

Xa podeades pasar pola ANPA para conseguir información das actividades extraescolares do Concello e da ANPA.

O prazo para apuntarse nas actividades do Concello é do **11 ó 19 de setembro**.

Para as actividades da ANPA, (que aínda non sabemos cales se farán), tedes ata o día **26 de setembro** para apuntarvos.

Por derradeiro lembrámosvos que a ANPA existe non só para organizar as actividades extraescolares, senón tamén para representar os intereses dos país e nais do alumnado na Comunidade Escolar e fundamentalmente no Consello Escolar, que é onde se toman as decisións que afectan ó Colexio.

Por iso, se existen problemas e conflitos no ámbito escolar debedes lembrar que a ANPA é a principal vía para representar os intereses dos país e nais ante a dirección do Centro e as autoridades educativas.

O horario da ANPA dende o día 11 de Setembro será de 17:00 ata 19:00 de luns a xoves.

Coa esperanza dun curso proveitoso e tranquilo enviámosvos un cordial saúdo.

A XUNTA DIRECTIVA

11 de Setembro de 2013